

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE DECEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
 D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
 D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
 D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día dezanove de decembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1.885/11 de don Antonio Fernández Alegre.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en colocar tella sobre uralita, nunha superficie aproximada de 96 m², e encintado de paredes, situada en Cima devila, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; de acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dezaseis euros con noventa e dous céntimos (#116,92#)

2.2.- Instancia núm. 1.899/11 de dona Cristina Rizo Liñares

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sa-les, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con base de pedra, postes, arame e tullas na fronte da parcela e base de bloques, postes e tullas polo linde norte, no lugar de Trasariz, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 m. de distancia dende o eixe da vía; garantirase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio das mesmas a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (#43,55#).

2.3.- Instancia núm. 1.794/11 de dona M^a. Lourdes Bao Cebeiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a instalación de canalización pola gábea e cruzando dúas pistas, no lugar de Sarandón.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.4- Instancia núm. 1.766/11 de dona Lourdes Bao Cebeiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun pozo de barrena no lugar de Sarandón.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse a unha distancia maior de 3 m. dos lindes e a maior distancia de 20 m. de calquera fosa séptica; a distancia en relación ás vías será maior de 6,00 m. dende o eixe. Ademais deberá solicitar a pertinente autorización de Augas de Galicia e non se comezarán as obras ata a súa obtención debendo axustar as obras ás condicións da autorización.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e seis euros con vinte e oito céntimos (#26,28#).

2.5.- Instancia núm. 1.873/11 de don Manuel Cabaleiro Tosar

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para o reforzo da poza existente con base de formigón levantando a parte posterior, situada en Ximonde en solo cualificado polo PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma, e deberase obter previa autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).

2.6.- Instancia núm. 1.800/11 de don Javier Vilas Giadanes

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, expón que a Xunta de Goberno con data 02/06/2005 a Xunta de Goberno acordou concederlle licenza municipal para a construción dunha vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo (licenza nº 110/05), e rematadas as mesmas, e achegando a documentación preceptiva solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a correspondente licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros.

2.7.- Instancia núm. 1.877/11 de don Javier Vilas Giadanes

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para o acondicionamento interior da parcela consistente en construción de chanzos de escaleiras con bloques de pedra para acceso á vivenda, en Pousada de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima en relación á vía será de 6,00 m. de distancia dende o eixe e respectaranse os lindes con outros propietarios.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).

2.8.- Instancia núm. 1.903/11 de dona Alicia Sánchez Enjamio

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para a rehabilitación de muro de pedra, de aproximadamente 90 m. de lonxitude, consistente en encintando e conservación, no lugar de Fontes, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará a estrutura orixinal do cerramento e non afectará a súa estrutura.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e dous euros con oito céntimos (#82,08#).

Nestes intres retírase da sesión a Presidencia.

2.9.- Instancia núm. 1.906/11 de don Carlos Martínez Carrillo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a reforma interior do piso, consistente no cambio do cuarto de baño repoñendo azulexos e sanitarios, situado no lugar de Galegos nº 12- 1º A, en solo urbano residencial de media intensidade en tipoloxía mixta (U-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno acorda concederlle a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e un euros con trinta céntimos (31,30#).

Incorpórase de novo don Carlos Martínez Carrillo.

2.10.- Instancia núm. 1.818/11 de dona Mª. Jesús Lobato Louzao

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, en representación da comunidade de propietarios do edificio situado en Galegos nº 31 - Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha prórroga da licenza concedida para a rehabilitación do edificio (licenza 119/2008).

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado e concederlle unha prórroga de tres anos para o remate das mesmas.

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

3.1.- Escrito nº 1.973/11 de M.C. Mapoca, S.L

Dáse cota do citado escrito no que M.C. Mapoca, S.L solicita a devolución do aval constituído para responder do contrato de subministro de formigón HM-20 e HM-25 incluído na memoria de Instalación de soportes para colectores de RSU , financiado ao cento por cento (100%) pola Deputación Provincial de acordo co convenio asinado.

A Xunta de Goberno acorda proceder á citada devolución.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de outubro do ano que andamos, pola que se acorda transferir créditos entre aplicacións para atender a gastos relativos a cultura e turismo.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de setembro do ano que andamos, pola que se acorda transferir créditos da aplicación 161-227 á aplicación 162-214 por importe de dez mil (#10.000,00#) euros para atender a gasto correspondente ao arranxo extraordinario do camión de recollida de lixo con motivo do sinistro do mesmo.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de novembro do ano que andamos, pola que se acorda dar de baixa na modalidade de acceso libre concorrencia a don José Quián Otero con data 30/11/2011 e incorporalo no servizo de axuda no fogar na modalidade de acceso directo para persoas dependentes con resolución de PIA, cunha intensidade de

55 horas mensuais distribuídas de luns a venres , quedando exento de pagamento segundo a súa capacidade económica (inferior ao 100% do IPREM).

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data un de decembro do ano que andamos, pola que se lle concede a don José Vieites Mouro un prazo de un mes para que proceda á limpeza de finca da súa propiedade situada en Gundián -Ponte Ulla.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de novembro do ano que andamos, pola que con motivo da viaxe institucional do Sr. Alcalde a Arxentina, deléganse as funcións na 4ª Tenente de Alcalde, dona Mª. Jesús Piñeiro Caldelas do 2 ao 13 de decembro, ámbolos dous incluídos

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos

5.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito num. 1.930/11 no que dona Mª. Pilar Nodar Ferradáns, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que a porcentaxe de minusvalía é do 51% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido da Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5.2.- Acordo, se procede, sobre solicitudes de declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación.

5.2.1.- Instancia núm. 1586/11 de Talleres San Fins, S.L

Dáse conta da citada instancia na que José M. De La Fuente Sánchez en representación de Talleres San Fins, S.L., con CIF B-15432453 e domicilio social no número 8 do lugar de Cornado (San Fins de Sales), solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para vivendas, taller de vehículos e construcións anexas sitas no lugar de Cornado (San Fins de Sales), nas que se desenvolve a actividade de Taller de vehículos, nos termos da documentación que se acompaña firmada por Mercedes Rosón Varela, en calidade de arquitecta e que se achega presentada polo solicitante.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total para as edificacións descritas nos termos da documentación que se acompaña asinada por Mercedes Rosón Varela en calidade de arquitecta e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da citada Lei 9/2002 e na disposición transitoria mencionada..

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cinco mil douscentos cincuenta e catro euros con vinte e nove céntimos (#5.254,29#)

5.2.2.- Escrito núm. 1736/11 de don Miguel Camino Bouzón

Dáse conta do escrito de alegacións presentado por don Miguel Camino Bouzón no que incorpora un informe técnico relativo á valoración das obras na declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda situada en Trobe nº 17.

A Xunta de Goberno, á vista da documentación presentada, acorda realizar unha nova liquidación por importe de mil novecentos dezanove euros con vinte e tres céntimos (#1.919,23#) e deixar sen efecto a anterior.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.

.